

ANUNCIO

ALLEAMENTO DE VIVENDA DE PROPIEDAD MUNICIPAL MEDIANTE POXA A ALZA

En sesión celebrada con data trece de xaneiro de dous mil vinte e tres a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente así como o prego de condicións elaborado para o alleamento do inmovible sito en rúa Fraga Iribarne nº3 (Portomarin) polo procedemento de poxa pública a alza, con posibilidade de presentar ofertas en sobre pechado.

En cumprimento da LCSP e do Prego de Condicións, faise público o anuncio de alleamento cos seguintes datos xerais:

Obxecto do contrato:

Constitúe o obxecto do contrato o alleamento por este Concello do ben inmovible, de propiedade municipal situado na RUA FRAGA IRIBARNE nº3, deste Municipio.

Descrición de inmovible: VIVENDA UNIFAMILIAR E DEPENDENCIAS ANEXAS,

a) Situación xeográfica: Referencia catastral 3306103PH1430N0001IY

Tipo de Licitación:

O tipo de licitación á alza é o de 287.976,25 euros.

Procedemento de Selección e Adjudicación:

A forma de adjudicación do alleamento será a poxa pública a alza, con posibilidade de presentar ofertas en sobre pechado.

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta atenderase a un só criterio de adjudicación, que deberá ser necesariamente o do mellor prezo.

Garantías esixidas:

Garantía provisional do 5 % (14.398,81 €).

Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación:

Data límite: 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da última publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Estado, taboleiro de anuncios do Concello e no Perfil de Contratante da páxina web do concello (www.concellodeportomarin.es).

Lugar de presentación: As ofertas presentaranse no Concello de Portomarin Praza Condes de Fenosa s/n, en horario de atención ao público. Tamén poderán presentarse en calquera dos lugares establecidos na Lei do Procedemento Administrativo Común e das Administracións Públicas.

Requisitos para participar na poxa de forma presencial.

O interesado que desexe participar de forma presencial na poxa, deberá presentar no prazo sinalado anteriormente a documentación esixida na cláusula oitava (Unicamente Sobre «A»: Documentación Administrativa), na que asimismo, indicará que opta por a **poxa de forma presencial**.



Requisitos para participar na poxa con proposición económica en sobre pechado.

O interesado que desexe participar na poxa con proposición en sobre pechado, presentarán no prazo sinalado anteriormente a documentación esixida na cláusula oitava. (Sobre «A»: Documentación Administrativa e Sobre «B»: Oferta Económica).

Non poderán participar na poxa os que non acreditasen o cumprimento dos requisitos anteriores.

O prego de condicións atopase a disposición dos interesados nas oficinas de rexistro do Concello de Portomarin así como no Perfil do contratante da paxina web do concello (www.concellodeportomarin.es).

Asinado electrónicamente ao marxe da documentación

O ALCALDE

